



RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBA A LISTAXE PROVISIONAL DE PERSOAS ADMITIDAS E EXCLUÍDAS DAS BOLSAS DE PERSOAL INTERINO DOS CORPOS XERAIS AO SERVIZO DA ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA CONVOCADAS POLA RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DE XUSTIZA DO 13 DE ABRIL DE 2026

En cumprimento do disposto no artigo 10 da Orde do 6 de marzo de 2026 sobre selección e nomeamento de persoal interino para cubrir postos de persoal funcionario dos corpos xerais ao servizo da Administración de xustiza en Galicia, así como no artigo 8 da Resolución do 13 de abril de 2026, da Dirección Xeral de Xustiza, pola que se convocan bolsas de persoal interino dos corpos xerais ao servizo da Administración de xustiza en Galicia, e unha vez vistas as solicitudes recibidas e baremados os méritos acreditados polas persoas aspirantes,

RESOLVO:

- 1.- Aprobar as listaxes provisionais de persoas aspirantes admitidas e excluídas das bolsas de xestión procesual e administrativa, tramitación procesual e administrativa e auxilio xudicial, así como a súa baremación provisional, e acordar a súa publicación no sitio web da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e mais na intranet de Xustiza.
- 2.- As persoas interesadas terán dez días hábiles a partir da súa publicación para presentar as alegacións que consideren pertinentes utilizando o formulario electrónico dispoñible na Oficina Virtual do Persoal da Administración de Xustiza (OPAX), no sitio web <http://opax.xunta.es>, presentación que se deberá realizar de acordo co disposto no artigo quinto da Resolución do 13 de abril de 2026.

O Director Xeral de Xustiza

José Tronchoni Albert

